

FORO A PENEIRA

ANO 1 | Edición nº 1 | Xaneiro de 2018 | PRECIO 0,50 EUROS

Cartel gañador da Festa da Lamprea de Arbo

Páxina II

Aberta a inscrición para o Enterro da Lamprea en Salvaterra

Páxina III

A Roda conmemora 40 anos de música galega

Páxina VII

Lois Ladra, premio Fermín Bouza Brey

Páxina VIII

Atalaia clasificada como Monumento de Interese Público

Páxina XIX



Incremento de Peregrinos nos albergues de O Porriño e A Guarda en 2017

Páxinas X e XVII



**GASOLEOS**
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

**PONTEAREAS** | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61


REPSOL

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA

VI Certame Galego de Corais Vila de Arbo

O Concello de Arbo no seu interese por apoiar a cultura musical polifónica coral, organiza o VI Certame de corais "Vila de Arbo" que terá lugar o día 13 de Maio do 2018 en horario de tarde no Auditorio Segundo Gil Davila de Arbo.

Poderán participar todas as agrupacións corais que sexan da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan profesionais nin pertencen a ningunha escola profesional ou semiprofesional de música, sen ningún tipo de acompañamento musical (soamente a capela). Si se incumprise esta base o grupo quedaría fóra do concurso.

Participarán un máximo de sete agrupacións corais. As corais participantes serán seleccionadas polo Comité de Organización do VI Certame Galego de Corais Vila de Arbo.

Os criterios de selección serán o historial da Coral e a calidade musical das súas interpretacións. Para realizar a selección as Corais deberán entregar no prazo previsto un Curriculum Vitae que inclúa a súa actividade de a lo menos os últimos 3 anos, unha declaración xurada en conforme non pertencen a ningunha escola ou conservatorio profesional de música, e unha gravación propia realizada nos últimos 2 anos que inclúa a lo menos 3 pezas do seu repertorio.

O prazo de inscrición rematará o 23 de Febreiro de 2018 ás 15.00 h.

A obra obrigada nesta edición no concurso é "Volta axiña", con música de Don Ángel Viro Camaño e letra de Mariluz Villar.

O Primeiro premio está dotado con 900€, o segundo con



400€, o terceiro con 200€ e o premio Fecoga á mellor interpretación da obra de concurso serán 500€, todos eles cos seus correspondentes diplomas acreditativos. Diploma de participación para o resto das corais que non obteñan premio.

Máis información na paxina web do Concello ou no teléfono 986 66 50 00 o email (oficinas2.concellodearbo@gmail.com).

Marta Pérez, de A Coruña, gaña o concurso de carteis da Festa da Lamprea

Vintedúas foron as propostas que chegaron ao Concello de Arbo de distintas partes da xeografía española, para participar na categoría de libre do concurso.

O cartel gañador será o cartel anunciador da "LVIII Festa da Lamprea" que terá lugar os días 26, 27 e 28 de abril do ano 2018.

Os debuxos avaliados por un xurado reunido o pasado día 29 de decembro de 2017, ás 12.00 h., no salón de plenos do Concello de Arbo, composto por membros de distintos sectores do noso concello, non o tiveron fácil dado que os bocetos, todos eles coa lamprea como tema principal, presentaban unha enorme destreza, resultando gañadores Marta Pérez Durán de A Coruña co pri-

meiro premio, Ifara Domínguez Bolaños de Gran Canaria co segundo premio e Alberto Nieto Fernandez de Arbo co terceiro premio.

Este concurso vense realizando dende hai 30 anos e xurdiu como idea de promover a Festa da Lamprea de Abril, a principal festa gastronómica do Municipio.




Foto da edición de 2017 do Certame Galego de Corais Vila de Arbo

O remendón CERRAJERO 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL 

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Perceiros do Río, Chocóns e Pranchas, Bacallos e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 / Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **PINTURAS FERNANDO MIGUEZ**

Rúa Arxentina, 11 - Salceda de Caselas
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 534
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

SALVATERRA

Aberto o prazo de inscrición no Enterro da Lamprea 2018

O Concello de Salvaterra de Miño ven de anunciar que a partir do día 15 de xaneiro e ata o 2 de febreiro queda aberto o prazo de inscrición para todos aqueles que queiran participar, con comparsa ou carroza, no Enterro da Lam-

prea 18, que este ano celebrárase o próximo 17 de febreiro, a partires das 17.00h. Aínda que o Concello, por motivos de seguridade, de organización e espacio, resérvese o dereito de reducir ou ampliar o prazo de inscrición.

Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas Comparsas e Carrozas, que cumpran os requisitos. Solo se poderá inscribir unha comparsa ou carroza por asociación ou persoa.

As Carrozas terán como mínimo 25 participantes e unhas



Entroido en Salvaterra 2017



dimensións mínimas de 5 m de largo. As Comparsas terán un mínimo de 20 membros.

As comparsas ou carrozas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestuario coma na súa actuación. Non se considerarán como comparsas ou carrozas con dereito a inscrición e participación aquelas que en anos anteriores repetiran, no sustancial, o seu disface.

Os premios a participación oscilarán entre os 100 e os 600,00€, dependendo da categoría e da cantidade de participantes.

Dende o Concello queren

recordar que todas aquelas persoas que queiran participar no enterro de forma persoal e non a través dunha carroza ou comparsa poden facelo dentro da propia comitiva da defunta lamprea, formando parte do grupo de Choronas que acompañan a lamprea, de loito riguroso.

A saída do desfile, de Comparsas e Carrozas do Enterro da Lamprea do Entroido 2018 de Salvaterra, está prevista para as cinco da tarde, dende a Rúa Rosalía de Castro, discorrendo por Castela, Fonte da Vila, dona Urraca e Praza do Concello.



HUMOR

MAITIRENA



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.
Humor: Maitirena, Tokio, Sabin Anca, Fuco, Pepe Carreiro.

Depósito legal: en trámite


TOKIO



SANTY GUTIÉRREZ



SABIN ANCA



CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Unha subvención de máis de 37.500 euros fai posible a creación e estabilización de 39 postos de traballo

O Concello de Ponteareas ven de facer efectivo o pago de 39 subvencións, por un importe total de 37.500€ da liña de axudas para o fomento da creación de emprego. Esta liña de subvencións foi creada no actual mandato grazas á renuncia de Xosé Represas ao seu soldo de alcalde tras a súa toma de posesión.

Foron atendidas todas as solicitudes presentadas por parte das empresas e emprendedores de Ponteareas que crearon o seu propio posto de traballo, que contrataron novo persoal ou que mudaron a modalidade dos contratos e que cumprían os requisitos da convocatoria.

Un total de 33 persoas que estaban en desemprego recibiron mil euros cada unha por darse de alta de autónomos creando o seu propio posto de emprego.

Ademais dentro desta liña de subvencións e co obxectivo de contribuir á estabilización do mercado laboral, otorgáronse catro mil euros por conversión de contratos de temporal a indefinido e tamén se subvencionou con trescentos euros un contrato de formación e aprendizaxe e outro con douscentos euros por un contrato de prácticas.

Represas manifestou a súa satisfacción por lograr incentivar a creación de emprego en Ponteareas, un dos concellos con maior taxa de desemprego, "a

creación de emprego e incentivar a actividade económica é un dos nosos obxectivos prioritarios e cada ano destinaremos máis recursos para acadalo".

O Alcalde anuncia que no vindeiro mes abrirá o prazo dunha nova convocatoria por un importe total de 50.000€ da que se poderán beneficiar tanto os emprendedores a título individual que acceden por primeira vez ao mercado laboral como empresas que queiran contratar novo persoal ou aquelas que vaian mudar a modalidade dos contratos temporais a indefinidos. Terán cobertura tanto os que se xeneraron en 2017 como os que se produzan nestes primeiros meses de 2018.

Compromisos entre Administraci3ns

O director de Augas de Galicia e o Alcalde de Ponteareas mantiveron unha reunión de traballo durante a que o Alcalde lle trasladou o seu interese en solucionar os problemas de abastecemento de auga de Ponteareas.

Trataríase de estender a rede

municipal a varias parroquias que non contan con este servizo: Angoares, Moreira e San Mateo. O custo aproximado sería uns 700.000 euros. Obviamente isto requirirá un acordo entre Concello, Deputación e Xunta.

O Alcalde tamén lle espuxo ao Director de augas de Galicia a necesidade de solucionar os pro-

blemas xa crónicos da insuficiencia da depuradora municipal, cuestión que se está tratando con outras administracións.

Igualmente se falou da ampliación da EDAR existente para dar servizo a 7.000 veciños máis e previr os vertidos contaminantes ao río Tea.

Pola súa banda o Director de Augas de Galicia comprometeuse a estudar todas as solicitudes municipais e demandas do concello para futuras planificacións.

O parque Ferro-Ucha elixido para albergar o parque de calistenia e street workout

O concelleiro de Deportes valorará todas as aportacións para a posible colocación desta instalación deportiva de acceso libre e de balde.

A Concellería de Deportes do Concello de Ponteareas, que dirixe Benito Márquez, pechou o prazo de votación para a posible ubicación do futuro parque de calistenia e street workout, dúas modalidades deportivas semellantes centradas nos músculos co fin de desenvolver axilidade, forza física e flexibilidade. Estas modalidades deportivas consisten no adestramento co propio peso corporal mesturado con movementos de tensión e explosión, realizadas en barras de diferentes lonxitudes e diámetros que se converte nunha especie de ximnasio ao aire libre.

A través dunha enquisa na rede social Facebook, a veciñanza puido amosar a súa opinión respecto ao lugar de colocación desta nova área deportiva

que pretende cubrir unha demanda veciñal e ampliar a oferta de modalidades deportivas na nosa vila.

Os usuarios e usuarias de facebook valoraron como máis idónea, en primeiro lugar, a súa instalación no parque Ferro-Ucha cun 32,1% de votos, seguido do parque das Pombas cun 24,7% e máis distanciados no parque anexo ao complexo deportivo de Pardellas cun 14,8%. No apartado 'outras ubicacións', que contou cun 27,2 %, recolléronse tamén outras aportacións como a Feira Vella, San Roque, a praza Anduriñas, a Bisoureira, Moscadeira, etc.

O concelleiro de Deportes, Benito Márquez, valorará agora todas as aportacións de cara a dotar a Ponteareas con esta nova instalación. "A nosa intención é dar resposta á demanda existente destas instalacións por parte da xente nova da nosa vila, e dotala de mellores instalacións deportivas, abertas e gratuítas".

ACIP pide o descenso do número de taxis

O grupo ACIP presenta para o seu debate no pleno Municipal de xaneiro unha moción instando o goberno Municipal ao cumprimento dos compromisos de principios do ano 2015, antes das eleccións Municipais, de todos os grupos Municipais, por unanimidade, co sector do

taxi e que aínda están sen cumprir.

O Concello comprometíase a realizar un plan de redución do número de taxis, xa que os 35 existentes fan inviable o sector. O acordo acadado no 2015 combinaba as xubilacións dos titulares de licencias e anulación de común

acordo cos propietarios, retirando un mínimo de dúas licencias por ano.

ACIP lembra que o Concello esta nun programa de implantación de sistemas de mobilidade urbana sustentable que achega como mínimo 500.000 euros e que podería financiar a mellora da viabili-



dade do taxi.

ACIP apoia ademais a súa proposta na lei galega que especifica un máximo de un taxi por cada mil habitantes e que

tendo Ponteareas 23.000 habitantes sobrarían 12 taxis, e que se están a reducir taxis en outros concellos como Vigo, Redondela ou O Porriño.

A Roda conmemora 40 anos promovendo a música galega e en galego

Neste ano que comeza, 2018, a formación de música tradicional A Roda conmemora 40 anos desde a súa fundación a finais do 1977, toda unha vida dedicada a promover e difundir a música galega e o noso patrimonio cultural inmaterial, a través da chamada “música de raíz”, un expoñente da música popular galega, da música de taberna e un dos grupos máis antigos (aínda en activo) e coñecidos.

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, acompañou o grupo vigués na presentación deste disco e salientou na súa intervención que “A Roda leva catro décadas promovendo a música galega e en galego. Non hai festa que non cante o Pousa, pousa ou o Miudiño, letras en galego convertidas en auténticos himnos de calquera calebración dos galegos e galegas, aquí e fóra das nosas fronteiras”. “Un grupo comprometido sempre



coa lingua propia de Galicia que a finais dos 70 impulsou a mellor campaña de dinamización lingüística feita desde o eido musical co seu disco Falemos galego”, recordou.

Na presentación participaron os seis integrantes da formación, Xan Barcón, David Cabaleiro, Alfredo Dourado, Christian García, Alex Nores e

Manoele de Felisa.

Catro décadas promovendo a música de raíz en galego

A formación A Roda naceu no ano 1977 dun grupo de amigos que se xuntaba arredor dunha mesa, facendo a roda que lles dá nome. O primeiro traballo, homónimo, A Roda converteuse nun supervendas e é aínda hoxe un dos clásicos

da música galega; con el gañaron o favor do público e conseguiron o Premio da Crítica Galega. A partir dese momento, centos de concertos, tanto en Galicia como fóra, nomeadamente na emigración, numerosos premios e dezasete discos máis avalan a traxectoria dun dos grupos en activo máis comprometidos coa lingua galega.

A Roda live / A Roda ao vivo en Ortigueira é o título do novo disco, no que a banda se consolida no eido do etno-folk e conmemora os seus corenta anos, na que é a primeira gravación en directo editada en formato cedé que proxima-mente se completará con vídeo. Recompila dezaseis éxitos d'A Roda entre os que podemos atopar os míticos O gato, O andar miudiño ou o Pousa, pousa, xunto a outra serie de temas inéditos (varios compostos pola banda) e dous bonus track, 40 anos máis e Os cabaleiros d'A Roda, inéditos e compostos especialmente para a ocasión. O repertorio viaxa do eclecticismo deste folk-rock, en temas como Alalá do Mariñeiro, ata á tradición galega con Pandeirada de Mens, pasando pola balada pop en Terras labregas, o folk instrumental en Jota da seisada e rematando na máis universal e coñecida Rianxeira.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

CONDADO / PARADANTA

VIGO

O xurado concede o VII premio Fermín Bouza Brey a Lois Ladra

O traballo “A lamprea nas terras do Condado” gaña esta nova edición



O xurado do VII premio Fermín Bouza Brey analizamos os catro traballos presentados e tras unha ampla deliberación decide conceder o premio ao traballo presentado co título “A lamprea nas terras do Condado: Aspectos etnolóxicos da pesca fluvial e artesanal e do patrimonio fluvial o río Tea” de Lois Ladra.

O xurado, composto polo Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas; a Concelleira de Cultura, Hortensia Bautista; Alfonso Caride de Losada, como representante da Universidade de Vigo; Pablo Otero

Piñeyro Maseda, do Instituto Estudos Galegos Padre Sarmiento; José César Llana Rodríguez, do Consello Galego de Museos; Rebeca Blanco Rotea, representante do Consello da Cultura Galega e Gonzalo Fernández Álvarez como secretario do citado xurado; valorou que se trata dun traballo “abarcable, concreto e transversal”.

Co Premio de Investigación Fermín Bouza Brey o concello ponteareán quere lembrar o nacemento, na vila do Tea, do ilustre polígrafo e poeta.

Trátase, segundo a concelleira de Cultura, Hortensia

Bautista, “honrar a súa memoria e sobre todo o seu traballo de investigación sobre a cultura deste país”. Paralelamente, matiza a responsable de Cultura do Concello de Ponteareas, “o premio permite promover a investigación científica sobre Ponteareas e a comarca do Condado, co que iso supón de afondamento na nosa identidade cultural”.

O premio está aberto aos proxectos de investigación científica nos eidos da historia, arte, arqueoloxía, etnografía, literatura ou ciencias sociais e que, obrigatoriamente, terán que ter como referente o municipio de Ponteareas e, complementariamente, a comarca do Condado.

Os 3.000€ de premio serán entregados en dúas partes, o 25% entrégase unha vez fallado o premio e o outro 75% restante á entrega do traballo de investigación. Dito proxecto debe presentarse cunha memoria onde figuren os obxectivos, metodoloxía, periodicización, recursos a empregar, e temporalización do traballo, entre outros.

Estrea da Coral Cantares de Xinzo

O pasado día 23 de decembro, a parroquia de Xinzo viviu outro acontecemento histórico no ámbito musical e cultural. Nesta ocasión pola presentación oficial da “Coral Cantares de Xinzo”, ante máis de 200 persoas cun auditorio do Centro Cultural de Xinzo completamente cheo.

A Coral, composta inicialmente por 20 persoas, ofreceu un concerto en conxunto coa Banda de Música Xuvenil de Xinzo (BMXX) cun repertorio de obras e cantares tradicionais, tanto de nadal como doutros estilos, cos que deleitaron a todo o público presente. Ademais a Coral tamén presentou a súa imaxe e vestimenta oficial, sendo de traxe negro con paxariña ou fular vermello.

Este proxecto que nace co apoio organizativo e funcional da Banda de Música Xuvenil de Xinzo, está liderado e dirixido

por José Castro Álvarez, titulado superior na especialidade de clarinete. Nas súas palabras “A presentación en concerto da Coral é a consecución dun proxecto que nace da vontade de veciños e veciñas da parroquia que buscaban un espazo onde sacar a luz as súas inxenuidades musicais. Trátase dun grupo moi heteroxéneo, con idades comprendidas entre os 16 aos 80 anos, e a gran maioría sen coñecementos musicais. A pesar de todas estas casuísticas, o grupo conseguiu rapidamente un gran nivel de cohesión, o cal permitiu sacar a diante un amplo repertorio en apenas 2 meses de ensaios”.

Francisco Represas, Presidente da BMXX destaca que “este proxecto era unha necesidade de Xinzo que contribuirá a dinamizar aínda máis a actividade musical da parroquia e tamén a de todo o Concello de Ponteareas”.



Aberta a inscrición para o desfile de entroido de Ponteareas

O Concello de Ponteareas, a través da concellería de Cultura, convoca a participación no entroido 2018 no que poderán participar todas as asociacións culturais e deportivas así como todos os grupos ou colectivos interesados en divertirse nas festas do Entroido.

As asociacións e colectivos interesados en participar terán que presentar por Rexistro de

entrada e no modelo dispoñible no Departamento de cultura ou na páxina web do Concello de Ponteareas www.ponteareas.gal a súa solicitude, exenta de taxas. <http://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura/>

A solicitude irá acompañada das fotocopias do CIF e do DNI do representante, o listado de participantes na comparsa e as autorizacións asinadas polos pais ou titores legais dos par-

ticipantes menores de idade. A inscrición realizarase segundo o modelo que se lle facilitará no departamento de cultura.

Establécese un límite máximo de 15 comparsas participantes. Os premios e axudas recollidas nestas bases, serán por un importe máximo de 9.000€.

O prazo de inscrición rematará o 25 de xaneiro ás 13 h.

Cada comparsa deberá contar cun mínimo de 20 membros

para poder optar ás mencións e gratificacións en concepto de participación. O Concello establece unha axuda por participación para cada comparsa, sempre que participe os dous días sinalados, por importe en función do número de participantes que pode ser consultada nas bases colgadas na páxina web do Concello na pestaña “Cultura”. <http://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura/>

Haberá un premio especial de 400, 200 e 100 euros para as tres carrozas mellor elabo-

radas

O xurado estará integrado por un representante de cada unha das comparsas inscritas, tres persoas de diferentes ámbitos e un traballador do Departamento de Cultura sen voz nin voto quen levantará acta da decisión do xurado.

O xurado valorará a orixinalidade, o vestiario, a animación, a coreografía, as coplas e a carroza.

Os días de desfile serán, o domingo e o martes de entroido e o mércores do enterro da sardiña.

Mercar en Chapela no Nadal tivo premio

O gañador do sorteo "Mercar en Chapela este Nadal ten premio" foi Adrian Currás Boullosa por unha compra realizada na Floristería Arealonga, agraciado co primeiro premio dunha "Estancia de 3 días de ensueño". Ademais, Jesús Cabaleiro cun premio adicional dunha tostadora por xentileza de Villamarín Diseño, e finalmente, o premio sorpresa ao comerciante para As túas cousas, completaron o sorteo.

A Campaña contou cunha extraordinaria participación con case 8.000 papeletas cubertas polos clientes, amosando unha crecente participación e implicación dos comercios.



O reto dende a Asociación de Empresarios de Redondela é chegar a sumar un número de comercios suficiente para dotar a zona comercial de Chapela cun proxecto de dinamización comercial con recursos propios que acade o apoio dos programas de apoio ao pequeno comercio da Dirección Xeral de Comercio. A dificultade radica en que os establecementos de

Chapela se asocien o antes posible para intentar non demorar outro ano o cumprimento dos requisitos mínimos para poder presentar o proxecto. Por este motivo a Asociación de empresarios de Redondela convida a todos os establecementos comerciais, hostaleiros, de servizos así como todas as empresas de Chapela a darse de alta na entidade.

Obradoiro de memoria para maiores en Bueu

Xa está aberto o prazo de preinscrición para participar nos obradoiros de memoria para persoas maiores, que arrancarán o 16 de xaneiro. Estes talleres, que pretenden estimular a memoria e o envellecemento activo, desenvolveranse todos os martes e xoves en horario de 10 a 11.30 horas, tanto no Centro Social do Mar como na Casa do Pobo de Beluso.

Esta iniciativa conta con algunhas novidades, sobre todo no que atinxe á periodicidade, xa que os talleres serán anuais (con descanso no verán) e non trimestrais como ata o de agora. Isto é así debido a que se detectou un gran interese por parte dos e das participantes de anos anteriores, idea que retomou a concelleira.

Os obxectivos que se perseguen son o fomento do envellecemento activo, o aumento na calidade de vida dos destinatarios, o coñecemento de novas actividades de ocio e tempo libre, a mellora nas relacións sociais, etc.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

LOURIÑA

O PORRIÑO

O PP do Porriño satisfeito pola celebración do I Certame de Rondallas

Dende o PP do Porriño amosan a súa satisfacción e ledicia ante a próxima celebración dun dos eventos culturais con máis arraigo na provincia, o I Concurso de Rondallas que se celebrará no recinto ferial de Vigo o vindeiro 28 de xaneiro.

Grazas ao patrocinio da Xunta de Galicia a Federación de Rondalleiros da Área de Vigo, que aúna a todas as rondallas federadas sen excepción, poderá celebrar este evento que cada ano reúne a miles de persoas para pechar o Nadal. Amosar o noso agradecemento á disposición mostrada pola Xunta de Galicia, e especialmente polo Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, que ante o desprezo da Deputación a este evento cultural con máis de 30 anos de historia e pese ás dificultades que presenta organizar un evento de tal magnitude en tan corto espazo de tempo, non dubidou en apoiar aos rondalleiros e comprometeuse a blindar a celebración do concurso por tres anos. “A formalización dun



convenio que garante a celebración do evento os anos 2018, 2019 e 2020 pon fin á incerteza coa que as agrupacións enfrentaban o seu traballo os últimos anos. A ilusión que caracteriza esta mostra cultural non era compatible coa incerteza”, apunta M. Alejandro Lorenzo, quen estende o seu agradecemento á Federación de Rondallas e a todos os rondalleiros e rondalleiras por sumar forzas e unirse para conseguir o que hoxe se fixo oficial.

Ademais, tal e como adiantou o Conselleiro, a Xunta estudará a posibilidade de organizar un Festival de Rondallas na Cidade da Cultura o Día das

Letras Galegas para que esta manifestación cultural de base tan característica do sur da provincia sexa coñecida en toda Galicia. “As rondallas son unha das nosas señas de identidade, unha parte da nosa cultura da que nos sentimos sumamente orgullosos e que merece ser coñecida polo resto dos galegos”, suñña Lorenzo.

Como non podía ser doutra forma, queremos rematar desexando a mellor das sortes no concurso á nosa rondalla, a Rondalla de Pontellas e agradecer tamén o seu apoio á rondalla de Atios que, se ben este ano non pode ser, agardamos que no 2019 volvan facer vibrar o IFEVI co seu son.

O Concello impulsa o Plan Integrado de Emprego para Mulleres (PIEM), dirixido a 85 veciñas menores de 30 anos e sen cualificación profesional

O Concello do Porriño porá en marcha o Plan Integrado de Emprego para Mulleres (PIEM) nos vindeiros meses. Este programa, co-financiado entre a Xunta de Galicia e o Concello do Porriño, “vai dirixido a un total de 85 mulleres, especialmente mulleres novas, menores de 30 anos e sen cualificación profesio-

nal”, como sinala a concelleira de Emprego e Igualdade, Soledad Girón.

O PIEM, engade a concelleira, ten como obxectivo afrontar o desemprego no Porriño “e, máis concretamente, combater a profunda fenda que afecta ás mulleres”. Para atallar esta situación, levaranse adiante accións de orientación laboral e accións for-

mativas, con prácticas en empresas, que permitirán mellorar as competencias profesionais e as posibilidades de inserción das usuarias no mercado laboral.

Para a participación no PIEM, as interesadas deberán poñerse en contacto coas oficinas da Concellería de Formación e Emprego no Multi-centro de Torneiros.

O albergue do Porriño volve bater marcas de peregrinos a Compostela



5.643 durmiron no mesmo o pasado ano, 2.250 máis dende 2015, o que supón un crecemento de máis do 66% en so 3 anos

Un total de 5.643 peregrinos a Compostela durmiron no albergue do Porriño o pasado ano, 429 máis que en 2016, o que supuxo un incremento do 8,22%. Por terceiro ano consecutivo aumenta o número de persoas que dormen no concello no seu paso cara a Santiago. Os meses de máis actividade no albergue foron os de agosto-con 1.065 persoas-setembro-con 951-, xullo-con 833- e abril- con 664-, mentres que tamén houbo unha actividade salientábel en xuño, con 658 estadias e maio, con 656.

Xa no ano 2015 houbo 1.435 persoas máis que usaran o albergue que no ano anterior, un 42% máis que en 2014, cando atoparan acomodo no albergue 3.393 camiñantes, e en 2016 un total de 5.214 peregrinos que durmiron no albergue do Porriño 386 máis que o ano anterior.

Isto sinala que en tres anos o uso do mesmo aumentou en 2.250 persoas, un 66,31% máis en tres anos, unha das porcentaxes máis altas dos

albergues do Camiño Portugués neste mesmo tempo.

Hai que lembrar que O Porriño ocupa un lugar ‘clave’ no Camiño Portugués xa que é o final da primeira etapa do itinerario que vai de Tui e Compostela. Por iso, a vila conta, segundo subliña o propio Goberno de Galicia, cun dos albergues máis modernos do país, no Parque do Rubio, con 52 prazas en total e, subliña a alcaldesa, Eva García de la Torre, “unha acaída oferta de servizos para peregrinos, coma conexión a Internet, zonas verdes e calefacción, lavandería, comedor ou dereito a cociña”.

Dacordo cos datos recollidos este pasado ano, a maioría das persoas que chegan ao albergue son españois, fundamentalmente madrileños, andaluces, vascos e cataláns; en segundo lugar, os máis numerosos son os portugueses, seguidos dos alemáns, franceses, británicos e italianos, aínda que chegan nacionais de Xapón, Australia, Estados Unidos, Corea, China, Rusia ou Canadá.

O PORRIÑO

O Concello do Porriño destinará 20.000€ ao Festival de Cans de 2018



O Concello do Porriño destinará un total de 20.000€- o maior investimento da súa historia- ao Festival de Cans que este 2018 chega á súa XV edición.

Así transmitiullo a alcaldesa, Eva García de la Torre, ao director do certame, Alfonso Pato, e a presidenta da Asociación Cultural Arela, organizadora do mesmo, Keka Iglesias, nunha xuntanza á que tamén asistiron as concelleiras de Benestar e Igualdade, Soledad Girón, e Educación e Seguridade, Lourdes Moure.

García de la Torre subliñou o compromiso do Goberno local e de todas as veciñas e veciños do Porriño, “que fan un importante esforzo”, co festival e cos veciños de Cans e de aí que no orzamento para 2018, “que está pechado e que se levará a Pleno”, haxa unha partida orzamentaria nominativa para o festival.

O obxectivo, apunta a alcaldesa, é o de garantir un “aporte económico vital para o festival” de xeito que o mesmo poida seguir celebrándose cada ano con maior éxito e “siga a situar a O

Porriño no mapa cultural dentro e fora de Galicia”.

Pola súa banda, Alfonso Pato amosouse “moi satisfeito pola nosa relación co Concello” e non só, comentou, polo seu apoio económico, senón polo “enorme esforzo de loxística” que ten que afrontar no caso dun festival que organizativamente é moi complicado e que pola súa “transversalidade”, require a intervención de distintas concellerías: a de Seguridade, Tráfico, Vías e Obras ou Educación, que contribúen a que o festival poida realizarse ano tras ano.

A biblioteca publica a súa programación para 2018

A Biblioteca Municipal do Porriño, dependente da Alcaldía, vén de publicar a súa programación de actividades para o ano 2018. Na mesmas cabe salientar a variedade de propostas, os distintos formatos e a ampla temática da oferta formativa e lúdica, buscando que “a biblioteca municipal se converta nun espazo de aprendizaxe, encontro e inserción social”.

Para este ano, a Biblioteca Municipal do Porriño ofrece distintos obradoiros, actuacións musicais, roteiros de patrimonio, clubs de lectura para adultos e menores, cursos de cociña, grupos de conversación en alemán e inglés en varios niveis; cursos de alfabetización dixital para maiores en distintos niveis, obradoiros de fotografía dixital, de escritura creativa, formación de usuarios, charlas, proxección de documentais ou encontros de ciencia.

Este 2018, a biblioteca iniciará un programa de visitas escolares durante todo o ano para formar ao alumnado local

na utilización dos diferentes servizos e recursos que esta ofrece, como a consulta e manexo da súa páxina web e do catálogo, facilitando ordenadores para uso das alumnas e alumnos nestas visitas reguladas.

A Biblioteca Municipal levará a cabo durante o 2018 unha ampla programación de actividades de animación á lectura, con espectáculos para os máis pequenos, que se presentarán proximamente.

Na web www.bibliotecadoporriño.com xa aparece publicada a relación de cursos e obradoiros para este ano, indicando que as inscrición xa está abertas para as que se celebren antes do verán.

Todas son gratuítas pero é necesario inscrición previa -presencial ou no teléfono 986337624-, tendo preferencia as persoas empadroadas no Porriño. Os participantes tamén deberán ser socios/as da Biblioteca Municipal do Porriño ou da rede de bibliotecas de Galicia.



MISCELANEA

0 Ano do Patrimonio Cultural Europeo. Temos boas prácticas?

A Unión Europea acaba de inaugurar o Ano Europeo do Patrimonio Cultural (AEPC) segundo acordaron o 17 de maio de 2017 o Parlamento e o Consello de Europa. O patrimonio cultural ten un inquestionábel valor educativo e social, un considerábel potencial económico e unha grande dimensión na cooperación internacional.

Se aplicamos estes valores ao patrimonio cultural galego-portugués podemos desenvolver non só un ano do patrimonio senón séculos de futuro impulsados por este potencial. Temos

patrimonio cultural nas súas estratexias de desenvolvemento. Insiste nas vantaxes de usar as ACT (Axencias de Cooperación Territorial) para dar participación aos actores pertinentes e para fomentar a cooperación, incluído o patrimonio tanxíbel e intanxíbel. Mais, estamos niso? Vamos dar unha marxe para a dúbida e ver se ao longo do ano estas entidades cumpren estas recomendacións.

Desde PONTE...NA ONDAS! queremos reivindicar, o papel que, segundo o Comité, deben ter a xuventude, os mozos e mozas. Reproducimos literal-

tudes culturais e creativas desde a máis tenra infancia, tanto no marco do sistema educativo como no tempo de ocio, que ás xoves xeracións para que se beneficien plenamente das novas formas de acceso á cultura... os novos enfoques e as políticas de patrimonio, así como as iniciativas educativas que atribúen a mesma dignidade a todos os patrimonios, poden facer aumentar a confianza, o recoñecemento mutuo e a cohesión social”.

PONTE...NAS ONDAS! vén aplicando estes principios desde hai máis de dúas décadas, con toda a humildade e limitacións pero con perseveranza. Existe un patrimonio cultural compartido entre Galiza e Portugal que xa é da humanidade desde a Idade Media, un patrimonio que se construíu cun pilar básico, a lingua, esa na que cantaron as mulleres e os homes e na que “escribiron” os trobadores e xogares como Martín Códax ou Don Dinis.

Por que non aproveitamos para cumprir con algunhas das recomendacións que propoñen para este ano europeo? Por que non integramos nos currículos educativos este patrimonio común de tal xeito que os xoves de Portugal cando coñezan as cantigas de Martín Códax as sintan como súas? Por que non aproveitamos o pergamiño Vindel para reivindicalo como unha mostra do patrimonio cultural compartido, e non lle poñemos fronteira a unha cultura que nos internacionaliza sabendo que os mozos e mozas do Brasil coñecen as cantigas de Martín Códax como as primeiras mostras literarias da súa lingua.

Pero hai moitas máis manifestacións da cultura común que non aparecen nos libros de



texto. Por poñer un exemplo de recente actualidade, os montes veciñais en man común ou baldíos. Sabe a nosa xuventude da súa orixe e que representan no territorio? Estamos a transmitir este valor común a Galiza e Portugal?

E así poderíamos seguir con outras expresións, como as lendas e os contos da tradición oral, as regueifas e os cantos de desafío ou os saberes asociados ás prácticas.

É necesario impulsar unha política conxunta sobre este patrimonio común e esquecer as fronteiras “administrativas” e mentais que nos impiden ver o conxunto. Dicir isto despois de máis de 25 anos de cooperación parece obvio pero até o de agora non hai unha visión compartida e as accións sempre rematan na fronteira, sabendo ademais que esta cultura común favorece unha estratexia internacional pois temos expresións espalladas por todos os países da lusofonía.

Pero se falamos da dimensión social, son escasos os eventos onde se poidan expresar conxuntamente manifestacións deste patrimonio. As políticas administrativas chegan até a fronteira...e as propostas que pretenden xuntar ou conxuntar as expresións galegas e portuguesas, teñen verdadeiras dificultades para ter un apoio claro por ambas administracións. Non digamos se pretendemos ul-

trapasar os límites europeos e fomentar esas relacións internacionais. Por que non hai proxectos culturais cos países da chamada Lusofonía? Non interesan? Ou si? Hai un “mar” de oportunidades que precisan ser atendidas para mostrar o potencial da cultura común.

POTENCIAL ECONÓMICO

Segundo a Unión Europea, máis de 300.000 persoas están empregadas directamente no sector do patrimonio cultural europeo e 7,8 millóns de postos de traballo están indirectamente vinculados ao mesmo. Con estas cifras é evidente que na Eurorexión Galiza Norte de Portugal hai un claro potencial, tendo en conta unha poboación de 6,4 millóns de habitantes distribuídos por un territorio de 51.000 quilómetros cadrados. O turismo e a industria cultural son dous dos motores que deben guiar este desenvolvemento. E temos un claro exemplo no Camiño de Santiago. Porén, nas actividades que aparecen convocadas para os xoves por parte do Ministerio de Educación e Cultura de España (<http://tucaminodesantiagoconcurso.es/gl/inicio-gallego/>) dirixidas aos escolares non aparece o Camiño Portugués; en cambio, si aparecen ademais do Camiño francés, o Camiño da Costa (cantábrica), o Camiño catalano-aragonés, o Camiño primitivo, o Camiño interior e o Camiño . Isto é unha mostra da falta



a oportunidade de poñer en valor este patrimonio e transmitilo ás novas xeracións mediante novos soportes e novos contextos.

Pola súa parte, o Comité Europeo das Rexións nunha resolución de 2016 xa indicaba que un ano europeo dedicado ao patrimonio cultural constituiría unha valiosa oportunidade para fomentar o intercambio das mellores prácticas na xestión e dinamización. Tamén serviría para reforzar a identidade e os valores democráticos en Europa, instando ás áreas rurais a que presten máis atención ao pa-

tramento do parágrafo da resolución:

“é fundamental que os xoves coñezan, comprendan e aprecien o seu patrimonio e o sintan como parte da súa identidade. A este respecto avoga por un enfoque máis para fomentar o patrimonio cultural europeo e a súa diversidade entre os xoves e os nenos; por iso recomenda que nos programas de estudos se inclúan elementos da educación sobre a arte, a música, o teatro e o cine europeos, a fin de mellorar o coñecemento do patrimonio cultural tanxíbel e intanxíbel continente; reitera a importancia de adquirir apti-

MISCELANEA



de comprensión do patrimonio cultural galego-portugués, debido á existencia dunha fronteira, esquecendo o potencial que temos no Camiño portugués a Santiago. Unha vez máis as fronteiras "administrativas" poñen barreiras xusto na liña oposta ao que recomenda a Unión Europea que valoriza o patrimonio como un recurso compartido no hai que fomentar o intercambio. Podemos citar outro exemplo, a Deputación de Pontevedra, dedicoulle o pasado ano ao patrimonio. Tendo en conta que esta institución conta cun departamento de "Movibilidade e cooperación transfronteiriza", non coñecemos actividades realizadas para poñer en valor o patrimonio común. As accións parece que non pasaron o río Miño. Outro exemplo máis da falta de perspectiva ou simplemente falta de miras.

Literalmente, a xustificación para declarar o Ano Europeo do Patrimonio Cultural é o de

"sensibilizar acerca da historia e dos valores comúns e reforzar o sentimento de pertenza a un espazo común europeo". Por que non divulgamos a historia e os valores comúns do noso patrimonio galego-portugués? Por que non reforzamos a nosa internacionalización?

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Este é outro dos principios que o Ano Europeo do Patrimonio Cultural debe fomentar, nunha estratexia da Unión Europea para a política de relacións culturais internacionais, a conservación do patrimonio cultural pode tornarse como un elemento esencial da súa política exterior.

No noso caso, a recente incorporación de Galiza, en calidade de observadora, á Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP) é un primeiro paso que debe ser o embrión de proxectos que contribúan a esa internacionalización do noso patrimonio, compartido con to-

dos eses países.

Precisamos iniciativas que proxecten o diálogo cultural con estas comunidades coas que compartimos non só unha lingua senón un conxunto amplo de expresións e manifestacións culturais que debido aos fenómenos migratorios están presentes neses territorios.

PRINCIPIOS

Na presentación das accións para este Ano Europeo do Patrimonio Cultural, indícase que a nivel dos Estados membros o ano terá un marcado enfoque "de abaixo cara arriba". Concordamos plenamente e desexamos que sexa así executado, que se apoiem as accións que os axentes locais desenvolven no terreo e se atendan as propostas destes, pois segundo se di tamén "identificarán os proxectos e actividades que respondan aos obxectivos do AEPC".

Destácanse catro eixes; compromiso, valor, protección e innovación.

En canto ao compromiso fá-lase de "patrimonio compartido e de achegar a súa historia e os seus valores á cidadanía". Nese compromiso tamén se inclúe a introdución do patrimonio na escola xunto coa necesidade de involucrar á xuventude. Algo que desde Ponte...nas ondas! vimos reivindicando e practicando, levando mostras e persoas portadoras ás aulas, realizando pezas audiovisuais para a súa difusión na Rede, convocando certames

de recolla, etc.

Na valorización destácanse os novos usos do patrimonio e a promoción dun turismo cultural sostible. Neste ámbito hai que salientar que o patrimonio dixital é un dos ámbitos que o ano europeo ten en conta. Aquí habería que falar do proceso de dixitalización e difusión, tendo en conta as novas redes de comunicación. Unha oportunidade para poñer en valor e en novos contextos aquelas manifestacións que por perda de referentes ou debido aos procesos de evolución social quedaron esquecidas ou mesmo desapareceron. En canto ao turismo cultural é evidente que tamén é unha oportunidade para atraer visitantes aos lugares onde se desenvolven as manifestacións, aquelas que pola súa dispersión xeográfica están máis alonxadas das aglomera-

loitar contra o tráfico de bens culturais.

Finalmente, na innovación indícase que é necesario reforzar a educación e a formación de profesións novas e tradicionais, promover a participación cidadá e a innovación social e promover a investigación, a ciencia e a tecnoloxía para unha mellor conservación do patrimonio.

Desde Ponte...nas ondas! saudamos este Ano Europeo do Patrimonio Cultural que vén ao encontro das nosas accións que desde o ano 1995 se desenvolven coincidindo cos obxectivos que desde Europa se marcan para este 2018. Agardamos que sexa unha nova oportunidade para o patrimonio cultural inmaterial galego-portugués e que as boas prácticas sexan apoiadas por quen ten competencias para facelo.



cións e das grandes urbes.

No ámbito da protección fá-lase da necesidade de desenvolver estándares de calidade e

Asociación Cultural e Pedagógica PONTE...NAS ONDAS !

www.pontenasondas.org

www.opatrimonio.org



Comunidades, Colexios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rda As Lavandetas, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

**EMILIO
seguros**



DECEOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...
tel. información: 609 544 351

**Forjados
Hnos. Duran S.L.**



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
<http://www.forjadosduran.com>

NOVAS DA RAIA

Mostra pictórica "Liberación pola cor", das irmáns Montenegro na Casa de Galicia



As irmás lucenses Luisa Paz e Conchita (Concetta) Montenegro expoñen desde o día 10 e ata o próximo día 31 na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia a mostra pictórica "Liberación pola cor", na que o xogo de cores é o nexo de unión de dous estilos distintos que coinciden tamén na temática: a paisaxe urbana de Lugo e o corpo feminino, fundamentalmente.

Na inauguración, que tivo lugar esta tarde, interviñeron as artistas plásticas autoras da mostra e o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez, que o fixo en representación do delegado da Xunta e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López.

Jiménez apreciou que "as irmás Montenegro, con sensibilidades diferenciadas, pois se moven entre o impresionismo e a abstracción, posúen en común unha extraordinaria carga de vitalidade plena de construcións eróticas cuxa arquitectura vén dada pola liña", como servidora incondicional da cor, achegando a forza necesaria. Tamén que, quizá, "polos universos valentes, vitalistas e rotundos presentes nestas obras, as súas autoras titularon a súa exposición 'Liberación pola cor'".

Conchita Montenegro explicou que nesta ocasión quixo prescindir dos espidos femininos, tan frecuentes na súa obra,

para "trasladar máis das miñas orixes, da Galicia interior, aínda que tamén estiven na costa, e do meu pobo, Vialba. Un pouco do noso, da nosa terra". Resaltou a diferenza entre a pintura das dúas irmás: "Luisa utiliza as cores puras, eu os uso mesturados e móvome entre o figurativo, o conceptual e o abstracto", e valorou que o seu traballo como serígrafa tamén se nota na súa pintura. "Prodúcese un choque entre os estilos das dúas que resulta estimulante", sinalo. Concetta, que vive en Muros, tamén é poeta en galego e terminou a súa intervención coa lectura dun dos seus poemas.

Luisa Paz, natural de Lugo, que si incorporou os espidos á exposición, declarou que "quero e dou todo o meu á miña cidade, Lugo, que é onde vivo e queda reflectida nas miñas obras: a Praza de España, a Catedral de Lugo, etc. A cidade encantada. Así mesmo nas miñas obras que tratan de personaxes núa ou espidos porque na miña cidade hai mulleres e homes". Nas súas obras locen as cores complementarias.

A exposición Liberación pola cor, de Luisa Paz e Conchita (Concetta) Montenegro poderá visitarse na Sala B da Casa de Galicia en Madrid ata o 31 de xaneiro, en horario de 10 a 14 e de 16 a 20 horas os días laborables e de 10 a 14 horas os domingos e festivos.

Presentación do libreto da ópera baseada en 'La Tribuna' de Emilia Pardo Bazán

A actual sede da Audiencia Provincial da Coruña, a antiga Fábrica de Tabacos, acolleu o pasado día 11 de xaneiro a presentación do libreto La Tribuna, adaptación operística da novela homónima de Emilia Pardo Bazán, escrita por Javier Ozores e musicada por Gabriel Bussi. No acto interviñeron o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas, o presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Víctor F. Freixanes; o alcade da Coruña, Xulio

Ferreiro; o conselleiro de Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, os autores e a condesa de Pardo Bazán, Carmen Colmeiro. Na parte musical, interpretaron pasaxes da ópera a soprano Teresa Nóvoa e a pianista Haruna Takebe.

La Tribuna (1883) é a primeira interpretación literaria do mundo laboral -e feminino- en España. A historia ten como protagonistas as cigarreiras da Fábrica de Tabacos da Coruña, a Marineda de Pardo Bazán, que foron parte da elite do proletariado fabril galego.



Gabriel Bussi, a pianista Haruna Takebe e a soprano Teresa Nóvoa nun momento da presentación musical. Fonte: Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Concerto Sinfónico de Mocedades en Vigo



Mocedades aterra o 27 de xaneiro no Teatro Afundación de Vigo. O popular grupo español formado a finais dos 60, chega agora, despois da súa escisión, co grupo conformado por Izaskun Uranga. Xunto a ela, Fernando González, Rosa Rodríguez, José María Santamaría e José Miguel González recrean os clásicos do grupo, ademais de novas composicións que se-

guen fieis ao estilo de sempre.

Eres tú, o tema eurovisivo de Mocedades, así coma outras grandes cancións do seu repertorio coma Tócame o déjame, Otoño, Secretaria ou ¿Quién te cantará? volven aos escenarios, agora en versión sinfónica. Son xa un símbolo na historia da música española, conseguindo estar no máis alto das listas de éxitos en Hispanoamérica e España.

O Dicionario da Real Academia Galega superou en 2017 os 20,5 millóns de consultas

O Dicionario da Real Academia Galega pechou 2017 co maior número de consultas desde a posta en marcha da súa versión dixital en 2013. Nos últimos doce meses superou os 20,5 millóns de buscas, unha cifra que supón un incremento do 42% con respecto ás 14.400.000 contabilizadas en 2016 e unha media diaria de máis de 56.000. O balance confirma a consolidación do Dicionario como unha ferramenta cotiá imprescindible da lingua galega para un crecente número de

persoas, en constante actualización co apoio da Fundación Barrié.

O Dicionario alcanzou no ano que acaba de rematar desde academia.gal os 1.059.472 usuarios únicos, case 192.000 máis que os 867.555 de 2016. As persoas que cada día fan uso desta ferramenta poden acceder aos significados de máis de 56.000 termos tanto a través da páxina web da institución como do Portal das Palabras (portaldaspalabras.gal), o proxecto para a modernización do traballo lexicográfico

e a difusión da nosa lingua da RAG e a Fundación Barrié.

Ás máis de 20,5 millóns de consultas rexistradas desde ambas as webs en 2017 hai que engadir as case 2 millóns de visualizacións que sumaron as aplicacións para o Dicionario para Android e iOS, cunhas 70.000 descargas.

Un dicionario para o século XXI

Alén de resolverlles aos usuarios e usuarias dúbidas sobre o significado, a ortografía, o uso dunha palabra ou a conjugación dos verbos,



o Dicionario da Real Academia Galega en liña permítelles unha utilización personalizada e interactiva que pretende facilitar a formación dunha comunidade dinámica e participativa composta polas persoas que envían á Academia propostas e comentarios. Unha das vías é a lapela "Axúdanos a mellorar", visible ao final da definición de cada termo. Outra das últimas novidades

foi a incorporación da busca directa de termos na forma feminina, posta en marcha o pasado 8 de marzo, Día da Muller.

Cómpre lembrar tamén que as aplicacións do Dicionario para Android e iOS permiten acceder aos xogos interactivos e outros recursos lúdicos e didácticos de lexicografía en permanente actualización do Portal das Palabras.

FEIRA DE OPORTUNIDADES

-50% **-40%** **-60%**

BANASTRA
CONGREGO - HOTELARIA - SERVICIOS - PASADIZOS
CENTRO COMERCIAL ABERTO

SABADO DOMINGO
20 E 21
XANEIRO

SABADO DE 10H A 20.30H ININTERRUMPIDO
DOMINGO DE 11.30H A 20H ININTERRUMPIDO

CARPA DA PRAZA MAIOR • PONTEAREAS
DOMINGO AS 20H SORTEO DE 3 CESTAS CON PRODUCTOS DE TEMPADA.
• ENTRE OS QUE MERCARON O SABADO E DOMINGO

PONTEAREAS | **Concello de PONTEAREAS** | **XUNTA DE GALICIA**

Presentación do poemario
NOMES DE FUME
de **MÍRIAM FERRADÁNS**

Sábado, 20 de Xaneiro
ás 19:00 horas
na Panadería Fdez. Riveiro
de Salvaterra de Miño

organizan
ENTREVERBAS | **Librería Dona** | **ER**

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Tomiño pon en marcha o Circuito Cultural 2018

O Concello de Tomiño segue a apostar pola promoción dos seus grupos musicais. Por este motivo, un ano máis, o goberno municipal vén de aprobar as bases para a participación no Circuito Cultural 2018, co que se busca fomentar dentro do termo municipal as actuacións de grupos tomiñeses relacionados coa música folclórica galega.

Deste xeito o Concello abre o prazo para que bandas de música, corais, bandas de gaitas, treboadas, pandereteiras, murgas ou charangas e grupos de acordeóns se inscriban nunha nova edición do Circuito Cultural. “Cada ano investimos máis de 14.000 euros neste programa de subvencións para dinamizar a actividade musical no concello, facendo que todos os grupos do municipio realicen actuacións ao longo do ano en todas as parroquias”, explica a concelleira de Cultura e Servizos Sociais, Ana Cristina Martínez, quen asegura que se trata dun programa “moi ben acollido” por grupos, asociacións e entidades.

Os interesados poderán presentar as



solicitudes ata o 1 de decembro de 2018 no Rexistro Xeral do concello, na Praza do Seixo, polo menos 30 días antes da data de actuación solicitada. Nos últimos anos rexistráronse máis dun centenar de solicitudes adscritas a este circuito, beneficiando tanto aos grupos como ás comisións de festas e entidades organizadoras, “para quen participar neste programa supón un aforro”.

Pode consultarse as bases e o modelo de solicitude no seguinte enlace: <http://tomiño.gal/wp-content/uploads/2018/01/Bases-circuito-cultural-Tomiño-2018.pdf>

Abre as súas portas a Granxa Escola Musical Corazón de Carballo

Un lugar para educar na igualdade e no coidado polo medio ambiente, para revalorizar o rural e as tradicións, fomentar o consumo consciente, animar á autonomía persoal e a integración social ou descubrir o interese pola arte, o desenvolvemento creativo, as intelixencias múltiples e o coñecemento mediante a experimentación. Con estes obxectivos nace Corazón de Carballo, unha granxa escola musical que ven de abrir as súas portas en Tomiño.

Situada no barrio de Vilar, na parroquia de Santa María de Tebra, a granxa conta con 10.000 metros cadrados, nos que se atopa por exemplo unha casería do século XVIII reformado que acollerá a área de descanso, aseos e comedores, entre outros servizos. A granxa conta con aula de natureza, piscina, áreas de animais e horta, ademais de sala de for-

mación ou área de xogos e actividades para todas as idades.

Charla inaugural

A granxa escola abriu as súas portas esta fin de semana coa inauguración da exposición ‘Amigo lobo. Lenda e realidade do lobo ibérico’, con fotografías de gran formato e paneis informativos sobre a bioloxía, a ecoloxía e a coexistencia do lobo ibérico no mundo rural. Todo acompañado por maquetas antigas de trampas de pedra, carlancas, esculturas, pinturas, escudos nobiliarios, pegadas, cranios e outros restos biolóxicos e paleontolóxicos do Canis lupus e outros cánidos.

A mostra, dedicada á memoria de Félix Rodríguez de la Fuente no 90 aniversario do seu nacemento, acollerá diferentes charlas e obradoiros a cargo de expertos en diferentes materias relacionadas co medio ambiente e a natureza.

A aula CeMIT de Tomiño tivo 67 novos usuarios en 2017

No 2017 máis de cen persoas participaron nos cursos e actividades de alfabetización dixital e emprendemento realizadas no centro

A aula CeMIT do concello de Tomiño pechou o ano cun excelente balance de datos: durante

o 2017 déronse de alta neste centro 67 novos usuarios e usuarias, cifra que eleva ata 1.047 o número de persoas rexistradas dende a apertura da aula no ano 2011.

Dende os seus inicios, a aula CeMIT acolleu máis de 200 actividades formativas entre cursos, charlas e outras actividades, 23 delas durante todo este ano, o que supoñen máis de 370 horas de formación aproveitadas por preto de 100 persoas durante todo o 2017. Para o responsable do Promoción Económica municipal, Antonio Tartaglione, “dende o Concello de Tomiño, xunto coa administración autonómica, seguimos a apostar pola aula CeMIT. Despois dos resultados do ano 2017, queremos seguir formando aos tomiñeses e tomiñesas no uso e familiarización das novas tecnoloxías”.

Por este motivo, a aula xa ten planificada a súa oferta formativa para o vindeiro ano, que nesta ocasión incluírá desde diversos cursos de capacitación dixital básica, como o de ‘Iniciación a informática e internet’ ou ‘Manexo de móbiles’, ata algúns máis avanzados como poden ser o de ‘Uso da administración electrónica’, ‘Procura de emprego a través de internet’ ou ‘Retoque fotográfico’, entre outros.

Durante o 2018 a aula tamén acollerá o exame para a certificación de competencias dixitais en informática. Ao longo de todo o ano a aula CeMIT de Tomiño abrirá as súas portas de luns a venres de



09.15 a 14.15 horas, con apertura polas tardes os martes e xoves (de 19.00 a 20.30 horas). Aqueles veciños e veciñas interesados en recibir información poden pasar pola aula, situada no Campo da Feira, chamar ao 986623304 ou enviar un correo electrónico a cemit.tomiño@xunta.gal.

Desde o Concello de Tomiño, xunto coa administración autonómica seguimos a apostar Pola Aula Cemit. Despois dos resultados do ano 2017, queremos seguir formando os tomiñeses no uso e familiarización das novas tecnoloxías

Instalacións

A aula CeMIT dispón dun espazo principal con 11 ordenadores, impresora multifunción, 10 cámaras web, canón, cámara dixital, 10 auriculares con micrófono... aos que os usuarios e usuarias poden acceder de forma libre e gratuíta. Ademais, contan co apoio e asesoramento dun axente especializado que os guía e axuda no funcionamento da aula e das instalacións.

A Rede CeMIT (Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica) é unha iniciativa posta en marcha pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia para impulsar as TIC e a Sociedade da Información na comunidade galega. A rede caracterízase por impartir actividades formativas no eido da alfabetización dixital e do emprendemento e conta coa colaboración de 92 concellos, entre eles o de Tomiño.

A GUARDA



O concello agradece o traballo das asociacións na decoración de Nadal

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba Baz, e a concelleira de Cultura, Elena Baz, recibiron o pasado luns 8 de xaneiro na Casa dos Alonso a tódalas asociacións que participaron na campaña “Decora o teu Nadal”, nun encontro no que quixeron entregarlles un pequeno agasallo en recoñecemento da labor realizada polas diferentes asociacións que colaboraron na decoración das nosas prazas e rúas.

Recordamos que o programa Decora o teu Nadal proponlle

as asociacións decorar diferentes enclaves a base de elementos de refugallo, dándolles visibilidade e protagonismo na organización e decoración urbana. As asociacións participantes este ano foron: A.C. Xamaraina (Praza de Salcidos), Avelaíña (Praza do Coruto), Sporting Guardés (Alameda), Rock'n'rolla (Centro de Saúde), Mulleres Progresistas (Centro Cultural), San Xerome (Rúa Galicia), Cruz Vermella (Praza da Igrexa), Sociedade Atlética do Trega (Atrio da igrexa), Agrupación Cultural Guardesa (An-

tigo colexio Sinde), U.D. A Guía (Praza da Guía), Coro Infantil Somascos (Praza de San Benito) e Vento Mareiro (Praza do Reló).

A esta activa participación hai que sumarlle o traballo e esforzo dos comerciantes da vila, da asociación AGUDE, que en colaboración cos centros de ensino realizou os trineos que alegraron as nosas rúas e ACIGU, responsable do nacemento na Alameda. Entre todos traballaron por ter unha vila reboante de decoración de Nadal.

Aprobadas as bases para o Entroido

O Concello da Guarda, a través da Concelaría de Cultura, organiza o Desfile-Concurso de Entroido 2018, co obxectivo de manter a tradición local a través da participación de tódolos veciños e asociacións da localidade.

Así preséntanse estas bases nas que se contemplan ata cinco categorías diferentes de participación (Carrozas, Comparsas, Grupos, Individual-Parellas adulto e infantil) na modalidade de concurso cunha ampla variedade de premios, e unha modalidade de axudas para as Carrozas e Comparsas.

O prazo para anotarse abrírase o vindeiro 30 de xaneiro ata o 6 de febreiro. Os interesados deberán entregar o formu-

lario de inscrición e a documentación recollida ba base 4ª no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica.

O Desfile realizarase o vindeiro 13 de febreiro, Martes de Entroido, no percorrido habitual entre a Esquina Famosa (Esquina da Rúa San Bernardo) e a Alameda da Guarda.

A participación neste desfile queda aberta a todos aqueles que aínda que non queiran competir no concurso, queiran sumarse a esta celebración.



A Guarda gaña peso no Camiño Portugués da Costa con 2.439 peregrinos no albergue durante 2017

O Camiño Portugués da Costa non deixa de crecer en número de peregrinos e, como ven sendo habitual, os datos rexistrados na Guarda dan conta deste incremento en 2017. Durante o pasado ano, un total de 2.439 peregrinos pasaron a noite no albergue guardés, o que supón unha suba do 40% con respecto a 2016, e o triplo se o comparamos co ano 2015.

En canto a súa procedencia, a meirande parte dos visitantes chegan dende o estranxeiro.

Portuguesa, alemá e polaca son as nacionalidades máis habituais entre os peregrinos que visitan A Guarda, aínda que tamén contamos con visitantes procedentes de países tan afastados como Corea, Vietman, China, Canadá ou Estados Unidos. De entre eles, moitos continúan o seu camiño cara O Rosal e Oia tras cruzar o río Miño, namentres outros escollen o albergue guardés ou algúns dos establecementos hoteleiros da vila para pasar a noite.

Agárdase que esta tendencia

ascendente da popularidade do Camiño Portugués da Costa se manteña durante o presente ano. Conta disto da a visita dos 155 peregrinos proce-

dentes do norte portugués que o pasado sábado, 13 de xaneiro, realizaron a etapa dende Caminha ata Mougas (Oia) e foron recibidos polo

alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, e o concelleiro de Patrimonio e Deporte, Xavier Crespo, ao seu paso pola vila guardesa.



NOVAS DA RAIÁ

SALCEDA DE CASELAS

Nova maquinaria municipal

O Concello de Salceda de Caselas ven de adquirir dous novos vehículos para o parque móbil das Concellarías de Vías e Obras, Medioambiente e Medio Rural. Trátase dun camión con grúa e volante e dun tractor de desbroce.

No primeiro caso, o camión con grúa e volante será sen dúbida de gran axuda en tarefas tan diversas como limpeza de camiños e estradas de titularidade municipal, transporte de asfalto para bacheo, traslado e colocación de postes para o alumbeo público, transporte de materias para todo tipo de obras que realicen os operarios municipais, obras varias no ámbito rural e urbano ou

recollida de enseres voluminosos para o seu posterior traslado a unha planta de reciclaxe.

O camión mercouse con cargo ao Plan Concellos 2016 da Deputación de Pontevedra, por un importe de 27.000 €.

No caso do tractor para desbroces, será empregado nas labores de desbroce nos camiños e estradas de titularidade municipal así como nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa de ámbito municipal para a protección dos núcleos poboacionais. Neste caso, a adquisición foi posible grazas a un convenio coa Consellería de Medio Rural, na cal a Consellería asume os 87.750 € de custe do tractor, e o Concello o IVE correspondente.



Salceda prepara o entroido máis importante da comarca



O Concello de Salceda de Caselas, ao traveso da Concellaría e Festas que dirixe Teresa Pérez, ven de publicar as bases para a participación no XX Desfile de Carrozas e Comparsas que se celebrará no municipio o domingo 11 de febreiro de 2018. Durante a semana do 22 ao 26 de xaneiro serán as agrupacións pertencentes a Salceda as que poidan formalizar a súa solicitude de participación no desfile, e na semana do 29 de xaneiro ao 02 de febreiro será o turno para as agrupacións de outros municipios, que poderán ocupar as prazas restantes por orde de solicitude.

As agrupacións deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes, e poderán presentarse con ou sen carroza, establecéndose diferentes categorías en ámbolos dous casos. Ademais, o desfile completase co concurso de coplas no que participan tódalas agrupacións. Todas as com-

parsas admitidas recibirán unha compensación económica pola súa participación, que varía entre os 100 e os 700 € en función do número de compoñentes.

Ademais da dotación económica, establécese un xamón como premio para diversas categorías: A mellor música en directo, a mellor coreografía, a comparsa máis festeira, a comparsa con maior número de compoñentes, o tema máis orixinal, o mellor vestuario, o mellor maquillaxe, a carroza máis traballada, a carroza máis orixinal, o mellor traballo en conxunto, as coplas máis divertidas, as coplas mellor recitadas e o participante de maior idade.

A programación municipal completará o xa tradicional enfrontamento entre Castro Barreiro e A Feira, que hai xa máis de 125 anos se ven celebrando, e para o que os barrios levan xa tempo traballando arreo no máis estrito segredo.

Aposta polo Servizo de Axuda no Fogar

O Concello de Salceda ven facendo unha aposta forte polo servizo de Axuda no Fogar (SAF), dentro dos programas ofertados dende os servizos sociais. Así, a día de hoxe, o Concello atende a 36 usuarios cun total de 1.785 horas mensuais a través do programa na súa modalidade de "Dependencia", cofinanciado pola Xunta de Galicia e polos propios usuarios, aos que hai que sumarlles outros 12 usuarios cun total de 255 horas mensuais atendidos a través da modalidade de "Libre concurrencia", cofinanciado neste caso pola Deputación de Pontevedra e tamén polas propias persoas beneficiarias. Ámbalas dúas modalidades supóñenlle ao Concello un desembolso de 68.300 € de fondos propios, que o Concello adica a sufragar este programa.



CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Especialidade en
rosquillas e melindres

personalizables tartas
frambuesa
tu foto

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

PORTUGAL

Atalaia classificada como Monumento de Interesse Público ao fim de 40 anos

Foi publicada, em Diário da República, a portaria emitida pela Ministério da Cultura que classifica a Atalaia, em Vila Nova de Cerveira, como Monumento de Interesse Público. Iniciado há quase 40 anos, o processo fica assim concluído, com o reconhecimento nacional do enorme valor patrimonial daquela estrutura localizada no Alto de Lourido.

Para o autarca cerveirense, esta é uma valiosa notícia para Cerveira e para os Cerveirenses. “Foi um percurso longo e difícil mas, consciente da sua importância, a Câmara Municipal, em estreita colaboração com a União de Freguesias de Vila Nova de Cerveira e Lovelhe, nunca desistiu”, assegura Fer-

nando Nogueira, acrescentando: “Esta é uma das formas de conseguir avançar com uma preservação e valorização digna e efetiva da Atalaia como merece. Para além de ficar legalmente protegida, abrem-se janelas de oportunidade para recorrer a fontes de financiamento para sua reabilitação”.

Assinado pelo Ministro da Cultura, Luís Filipe Carrilho de Castro Mendes, o documento refere que o Fortim da Atalaia “possui uma grande relevância histórica e patrimonial, destacando-se a originalidade da sua estrutura, a sua importância no âmbito da arquitetura militar e da defesa da raia minhota, e a cronologia da sua fundação”.

A classificação como Monu-

mento de Interesse Público reflete os critérios constantes do artigo 17.º da Lei n.º 107/2001, de 8 de setembro, relativos ao caráter matricial do bem, ao seu interesse como testemunho notável de vivências ou factos históricos, ao seu valor estético, técnico e material intrínseco, à sua conceção arquitetónica e paisagística, à sua extensão e ao que nela se reflete do ponto de vista da memória coletiva, e à sua importância do ponto de vista da investigação histórica ou científica.

Localizada no Alto do Lourido, em posição elevada, a meia encosta, e detendo um amplo sistema de vistas, funcionaria como complemento da defesa de Vila Nova de Cerveira e do Forte de



Lovelhe. Em conjunto com este forte e com o Castelo medieval de Cerveira, esta atalaia constituiu o sistema defensivo da vila e da fronteira do rio Minho ao longo do período da Guerra da Restauração.

Embora se atribua a construção ao esforço militar de meados do século XVII, a sua tipologia denuncia ainda os modelos renascentistas, de influência italiana, que caracterizaram a primeira metade do

século XVII, sendo mesmo possível que a intervenção setecentista tenha reformulado uma estrutura de origem medieval. A estes modelos corresponde o torreão cilíndrico de pouca altura, rematado em cordão e parapeito preparado para peças de artilharia, levantado sobre plataforma quadrangular rodeada por fosso, centrado por uma cisterna e envolvido por bateria vazada por porta em arco apontado.

Exposição “E se fosses tu?”

A exposição “E se fosses tu?”, do artista plástico José Silva, natural do Porto, onde nasceu em 1953, decorre entre 13 de janeiro e 28 de fevereiro, na galeria de arte do Cine Teatro João Verde.

Esta exposição reúne cerca de 25 trabalhos, onde o artista faz uma reflexão impulsiva sobre os dramas do nosso tempo, seja a questão dos refugiados, seja a questão do envelhecimento ou a questão dos sem-abrigo, que o autor vive de perto em horas de voluntariado.

José Silva frequentou a Licenciatura de Artes Plásticas, ramo Pintura e Escultura, na Faculdade de Belas Artes da Universidade do Porto, sendo associado e membro da Direção dos Artistas de Gaia, Cooperativa Cultural C.R.L. A sua primeira exposição individual teve lugar em 1977, tendo realizado, a partir dessa data, mais de 180 exposições (individuais e coletivas) em Portugal,



Holanda e Espanha.

Está representado no Museu de Fafe, na Fundação Eng. António de Almeida, na Casa Museu Teixeira Lopes, na Câmara Municipal de Vila Nova de Gaia, na Câmara Municipal de Aveiro, na Câmara Municipal de Caminha, na Câmara Municipal de Oliveira de Azeméis, na instalação Terzo Paradiso (Michelangelo Pistoletto) - Horta Pedagógica em Guimarães e em coleções particulares em Portugal e no estrangeiro.

Lampreia do Rio Minho - Um prato de excelência

Promovida pela ADRIMINHO e os seis municípios do Vale do Minho (Melgaço, Monção, Valença, Paredes de Coura, Vila Nova de Cerveira e Caminha), a iniciativa “Lampreia do Rio Minho – Um Prato de Excelência” tem início no dia 15 de janeiro, prolongando-se até 15 de abril.

Participam vários restaurantes da região que, ao longo destes três meses, prometem apresentar, com tradição, requinte e inovação, a afamada e saborosa Lampreia do Rio Minho aos visitantes e apaixonados pela boa gastronomia.

O Município de Monção participa nesta iniciativa gastronómica, que entra na sua nona edição, com a presença de 19 restaurantes localizados no centro histórico da localidade e em várias freguesias do concelho, bem como com um programa complementar apelativo e atrativo para diferentes públicos.

Nestes três meses, quem visitar o concelho de Monção poderá deliciar-se com arroz de lampreia ou à bordalesa mas também com opções mais contemporâneas: sushi, escabeche ou empanada. Para acompanhar, uma garrafa de Alvarinho, um dos melhores vinhos brancos do mundo com selo de garantia da Sub-Região de Monção e Melgaço.

Neste período, o Município de Monção disponibiliza um programa complementar que engloba visitas a locais de interesse cultural, percursos por lugares naturais e patrimoniais e atividades de desporto e lazer. O ponto alto acontece no dia 25 de fevereiro, domingo, com a realização do XLI Rali à Lampreia.



'Afouteza' é a Palavra do Ano 2017

O termo máis buscado do Dicionario durante meses superou en votos, co 48 % de apoios, a independencia, sapoconcho, eucaliptización, teimudo, vaga de lumes, violencia de xénero e velutina

Cun 48 por cento dos votos, afouteza é a Palavra do Ano 2017. Votaron por ela 3.004 persoas das 6.228 que participaron na elección promovida polo Portal das Palabras, o proxecto web para a modernización e divulgación do léxico galego da Real Academia Galega e a Fundación Barrié. O termo gañador impúxose aos outros sete finalistas, todos eles palabras con forza informativa, que centraron por diversos motivos os temas de maior presenza nos medios e máis impacto social, e a maioría cun valor engadido desde o punto de vista estritamente lingüístico. Independencia foi a seguinte palabra en número de votos, con 939, e sapoconcho, a terceira, con 830. Eucaliptización, teimudo, vaga de lumes, violencia de xénero e velutina completan, por esta orde, a táboa de posicións finais.

Nas tres edicións anteriores,

as gañadoras foron irmandade (2016), refuxiados/as (2015) e corrupción (2014). A esta listaxe súmase agora afouteza, cuxo éxito foi cociñándose ao longo de todo 2017, xa que durante varios meses liderou a listaxe de palabras máis buscadas no Dicionario. Os medios de comunicación recolleron este dato, dando conta de que o interese por unha voz non moi frecuente na fala coloquial era debido á campaña do Celta de Vigo, que ten por lema: "Ensinémolles ao mundo o significado da afouteza", baseado nun verso do propio himno do club. A motivación dos e das seareiras pesou sen dúbida para que gañase a Palavra do Ano, pero entre os miles de votos que recibiu, non poucos se deberon ao poder semántico e á forma suxestiva desta palabra, cun contido e unhas implicacións que van máis alá do futbolístico.

Orixe e evolución do termo

Afouteza vén definida no Di-

cionario en dúas acepcións: pode referirse á disposición de quen actúa sen temor ás dificultades ou perigos ou á seguridade que unha persoa demostra en si mesma. Os dous significados están moi vinculados, é evidente, pero conservan un valor semántico específico e esta é a razón pola que se propoñen para cada un deles voces diferentes como sinónimos; para a "disposición do ánimo", poden ser equivalentes animosidade, audacia, denodo, ousadía e valor. Para a segunda acepción, a do "carácter firme e seguro", os que se propoñen como termos relacionados, non estritamente sinónimos, son decisión e enerxía.

A orixe de afouteza atópase nun verbo latino, favere, que tiña por significado "favorecer ou "protexer", e que os romanos usaban en principio no ámbito relixioso para se referiren aos favores e á benevolencia dos deuses cos mortais. De favere e do seu supino fautum chegouse



en romance a fouto e fouta, as formas primitivas do adxectivo. Logo na fala engadiuse unha vogal inicial de reforzo, e de aí afouto e afouta, é dicir, a persoa que "ten ou amosa afouteza". Completan a familia léxica o adverbio afoutamente e mais o verbo afoutar (que pode ser tamén pronominal, afoutarse), cando lle damos ánimos ou valor a alguén para realizar algo ou encetar unha empresa.

Afouteza está na lingua practicamente desde os inicios, como indica a súa presenza en documentos do século XIV. A primeira recollida lexicográfica fíxoaa Juan Sobreira a fins do XVIII, na súa colección de termos. Di o padre Sobreira que "afouta" é a "persoa dilixente e activa nun traballo, manifestándose confiada no logro" e insiste "o que non desmaia, ou non manifesta desconfianza no

que emprende" (adaptación da definición orixinal do frade bieito Sobreira, na súa colección lexicográfica de 1787-1805). Desde esa primeira notación, a palabra afouteza (ou no seu caso o adxectivo afouto-a) estivo presente sen interrupción nos dicionarios e glosarios históricos, incluída a primeira entrega do Dicionario da Academia (1913-1928), onde figuran tamén as variantes afoto -a e afoutado -a.

Mais a afouteza non é só unha palabra de dicionarios e dicionaristas, xa que aparece con certa regularidade en textos literarios e particularmente nos medios de comunicación, desde O Tío Marcos da Portela, pasando por A Monteira, a revista Nós e A Nosa Terra do comezo do XX, entre outras. Neste espazo comunicativo, volve brillar na segunda decena do século XXI.

LIBROS

La escuela activa y el entorno.

Una aproximación a través de los paseos, visitas y excursiones durante la Segunda República

Edición: Andavira Editora,
Santiago de Compostela, 2017

Autores: Ángel Serafín Porto Ucha. Profesor Ad Honorem, Universidad de Santiago de Compostela
Raquel Vázquez Ramil. Universidad de Valladolid. Facultad de Educación de Soria.



Os profesores Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil presentan un novo traballo dentro da liña de investigación que veñen desenvolvendo sobre a historia do maxisterio e da renovación pedagóxica en Galicia no primeiro terzo do século XX.

No libro analízase polo miúdo a política escolar dos gobernos da Segunda República e as im-

portantes reformas educativas que se puxeron en marcha nesa época. Abórdase, de xeito xa máis concreto, a colaboración do mestre José Benito González Álvarez, natural de Verea (Ourense), e o inspector de primeira enseñanza de orixe catalán Joé Muntada Bach. A Cañiza, onde José Benito González exerceu como mestre durante dez anos (1925-1935), foi o escenario da obra renovadora, que nalgúns

momentos tropezo con atrancos, pero que deixou froitos tan prometedores como a Semana e a Misión Pedagóxica de 1934, o periódico freinetiano Faro Infantil e o libro Paseos, visitas y excursiones de la escuela activa, publicado en Ribadavia en 1934.

Os profesores Porto Ucha e Vázquez Ramil rescatan o traballo de «vitalización escolar» realizado na Segunda República

nas terras de A Cañiza polo inspector Muntada Bach e, sobre todo, polo mestre José Benito González Álvarez, destinado en 1935 a Ciudad Real e logo alonxado traxicamente da súa terra trala guerra civil. Preséntase un exemplo de cooperación entre docentes e de apertura dos muros da escola ao medio nunha mensaxe que sigue sendo de plena actualidade: aprender da vida para a vida.